

# IX EDICIÓN

## DO CONCURSO DE MICRORRELATOS

### RIBEIRA SACRA - PARADA DE SIL

#### 2021

O Concello de Parada de Sil convoca a Novena Edición do Concurso de Microrrelatos “Ribeira Sacra-Parada de Sil 2021”, que estará aberta para a presentación de traballos ata o próximo 30 de marzo de 2021. O fallo do xurado darase a coñecer o 7 de maio, en tanto que a entrega de premios terá lugar o 15 do mesmo mes no salón de actos do concello, durante o acto de celebración das Letras Galegas que cada ano celebra o concello de Parada.

A IX Edición do Concurso de Microrrelatos RIBEIRA SACRA-PARADA DE SIL, rexerase conforme as seguintes

#### BASES:

1. Os autores terán en conta que un microrrelato non é un conto, nin unha anécdota, nin unha ocorrencia. É un relato breve, caracterizado pola precisión no contar e no uso da linguaxe, así como por unha trama paradoxal e sorprendente.
2. Os microrrelatos serán de tema e estilo libre, poderán estar escritos en galego ou castelán e han de ser orixinais e inéditos. Cada autor só poderá participar cun microrrelato.
3. A extensión do texto non poderá exceder das 200 palabras, en formato DIN A-4, a dobre espazo, cun tipo de letra Times New Roman de 12 puntos.
4. A data de entrega finalizará o 30 de marzo de 2021. Para os enviados por correo postal contarase como data de entrega a de presentación na oficina de envío.
5. A presentación dos traballos poderase facer a través dos seguintes medios:

I. Correo electrónico dirixido a: [concursorelatos@paradadesil.es](mailto:concursorelatos@paradadesil.es) poñendo en asunto o título completo da obra. No devandito correo achegaranse dous arquivos en formato Word:

- O primeiro conterá a obra e como nome levará o mesmo que o título do traballo.
- O segundo titularase PLICA (nome do traballo). Conterá os datos do participante: nome e apelidos, ano de nacemento, dirección postal, email e teléfono, título completo do microrrelato, así como declaración xurada conforme o traballo remitido a concurso é orixinal e inédito. Todas as plicas gardaranse nun cartafol protexido e as obras serán lidas polo xurado de forma anónima. Esta conta de correo é única e exclusiva para o envío dos microrrelatos e non se abrirá ata o día de finalización do prazo de entrega de microrrelatos ao concurso.

Para calquera dúbida enviar correo a: [concello@paradadesil.es](mailto:concello@paradadesil.es)

II: Correo postal. Os traballos remitiranse por triplicado á seguinte dirección:

“Concurso Microrrelatos, Concello de Parada de Sil”. Praza Campo da Feira nº 1. 32740 Parada de Sil. Ourense. Os textos enviaranse tan só co título e no interior, nun segundo sobre (plica) pechado, incluírase unha ficha co título do relato, autor, data de nacemento, dirección postal, email e teléfono así como unha declaración xurada conforme o traballo remitido a concurso é orixinal e inédito.

6. O Concello, como organizador, designará ao xurado competente que estará presidido polo catedrático, escritor e hispanista D. Antonio Carreño.

7. O fallo do xurado farase público o 7 de maio de 2021 e será inapelable.

8. Dotación e fallo do premio:

1º Premio 1.000 €

2º Premio 500 €

3º Premio 300 €

9. A entrega do premio realizarase no acto de celebración do Día das Letras Galegas, que se celebrará no Concello de Parada de Sil o día 15 de maio de 2021.

10. A inscrición neste certame supón a total aceptación das bases.

11. Todas as persoas participantes autorizan ao Concello de Parada de Sil á utilización do relato citando ao autor ou autora do mesmo.